



AXUDAS FONDO LIBROS/MATERIAL ESCOLAR

CIRCULAR FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR (Curso 2023-2024)

NORMATIVA: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anuncioq0655-100523-0001_gl.pdf

ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H)

DESTINATARIOS:

- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en **1º e 2º de EP.**
- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en **3º, 4º EP.**
- **Axudas para adquirir material escolar:** **1º, 2º, 3º, 4º, 5º, e 6º EP.**

PARTICIPACIÓN:

O prazo para a participación abrangue dende o 20 de maio ata o 21 de xuño de 2023.

A **entrega dos libros e vales** do fondo solidario para o curso 2023-2024 **realizarase en xullo.**

O 12 de xullo publícanse as listaxes provisionais de admitidos e excluídos do alumnado beneficiario de fondolibros, axudas de libros de texto e de material escolar. **Nesa data comunicaráselle telefónicamente as familias que deban mercar libros.**

FORMAS DE PRESENTACIÓN

Poderase realizar a solicitude accedendo á aplicación [Fondolibros](#), e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala e poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- **Presentación no centro:** Neste caso imprimirán os anexos I e II (están engadidos a esta entrada ou ben [descargar documentación](#) e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación acreditativa.



- **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** Enlace: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP que , a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine en cada caso, polos importes establecidos no artigo 2.2.d) da convocatoria.

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.

NOVIDADES A TER EN CONTA:

- ✓ En 4º e 6º de EP e 2º e 4º da ESO permitirase a substitución dos libros de texto para a súa adaptación aos currículos que establece a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de modificación da Lei orgánica de educación (LOMLOE).
- ✓ No resto dos cursos manteranse os libros de texto do curso 2022/23

RESUMO DAS AXUDAS:

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€			240€		300€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾			Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾	75 €	300 €	75 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€	75€	60€	240€	75€				
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					



RENTA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR:

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2021** dividido entre o número de membros computables.

- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, sumaranse a base imponible xeral (recadro **435**) e a base imponible do aforro (recadro 460); **cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.**

CASILLA 435+460 (Renda 2021)

Membros computables

- **Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social** por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

- As persoas que non residiran en España no ano 2021 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

**Terán esta consideración os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado; os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados; os /as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada; os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar; a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida; a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.*

22 de maio de 2023

A dirección

A directora

Rocío Mosquera González